

ANUNCIO

O día 05-08-2026 ditouse a seguinte Resolución con número 495/2026:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: DETERMINACIÓN HORARIO SEMANA GRANDE DE MELIDE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000542

ANTECEDENTES:

Con motivo da celebración da Semana Grande de Melide na honra á festividade do San Roque 2026 e como xa ben sendo habitual nos anos anteriores.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: determinar, con motivo da celebración da Semana Grande de Melide, o horario laboral de 10.00 a 13.00 horas dende o día 17 ao 21 de agosto de 2026, ambos os dous incluídos.

Naqueles departamentos onde estea establecido un horario por quendas, os seus responsables adoptarán as medidas oportunas para garantir a aplicación desta redución de xornada, sen que altere a debida cobertura e funcionamento do servizo público.

SEGUNDO: dar traslado deste acordo aos representantes dos traballadores e publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica e deste Concello.

Ordeno e asino en Melide, mércores 5 de agosto de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 5 de agosto de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas